

PAUTAS DE ESTILO

**AGARESO (ASOCIACIÓN GALEGA DE REPORTEIROS
SOLIDARIOS)**

INTRODUCCIÓN

Este documento pretende ser unha breve guía de estilo á hora de tratar informativamente asuntos relacionados coa inmigración, os malos tratos, os discapacitados, os menores ou minorías sociais e étnicas coma os xitanos. As recomendacións incluídas están extraídas de obradoiros e guías de traballo de diferentes asociacións e colexios de xornalistas.

IMAXES SOBRE A INMIGRACIÓN FOMENTADAS POLOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

O carácter de avalancha:

Instálase a idea de que o noso país está sometido a unha verdadeira "invasión", facilitada pola situación xeográfica que o convirte en fronteira Norte-Sur. De ahí as imaxes das pateras sobrecargadas, cando só representan o 5% da entrada irregular no país.

Perigo para a sociedade de acollida:

As condicións de vida dos países exportadores de inmigrantes fan que xurda na sociedade de acollida o temor a que se extendan diferentes enfermidades, e tamén que se instalen pautas culturais consideradas inapropiadas.

Carácter delictivo:

A irregularidade é unha das características distintivas do actual fluxo migratorio, que á súa vez propicia o establecemento de redes de delincuencia e criminalidade. E insístese y manipúlense as cifras para demostralo: exemplo informe fiscal 2003 e declaraciónss do Xefe da Brigada de Estranxeiría de Murcia co seu 58% de delinquentes estranxeiros (mezclando irregularidade administrativa con comisión efectiva de delitos).

Precariedade e marxinalidade:

Prodúcese tamén como consecuencia do carácter irregular

da inmigración, creándose importantes bolsas de pobreza e marxinalidade entre estes colectivos. Suxerindo a idea de que quen pasa fame está disposto a cometer calquera delicto.

ALGÚNS APUNTES DE ESTILO SOBRE A INMIGRACIÓN

1 Non hai que incluí-lo grupo, a cor da pel, o país de orixe, a relixión ou a cultura si non é estrictamente necesario para a comprensión global da noticia

Unha persona adecúase ós arquetipos xurdidos do consenso social a través de imaxes favorables que se deben conservar e potenciar, e imaxes desfavorables contra as que é preciso loitar. Os medios de comunicación traballamos sobre este compendio de imaxes e arquetipos, comunes para a meirande parte da poboación, buscando facilitar a comprensión da mensaxe informativa.

Parece necesario pois que todos, emisores e receptores, teñamos unha visión suficientemente axustada da realidade que nos envolve e que a definamos do mesmo xeito.

Na práctica cotiá e polo afán de querer ter sempre presentes os elementos básicos da información xornalística –¿qué?, ¿quién?, ¿ónde?, ¿cándo? e ¿por qué?– introducimos engadidos que parecen complementar a nova, si ben o resultado final condiciona a lectura que os receptores fan da realidade a través dos medios.

A realidade xornalística demóstranos que o grupo étnico, a cor da pel, o país de orixe, a relixión ou a cultura, non son datos susceptibles de ser noticia cando se refiren ó arquetipo dominante. Por outra banda, existe a tendencia – en xeral inconsciente– de destacar estes aspectos cando a noticia trata, directa ou indirectamente, de membros de minorías étnicas, a pesares de que para a comprensión global da nova non sexan estrictamente necesarios. Amais, esta tendencia aumenta pola presión do horario; é dicir, polas rutinas de produción xornalística ás que se ven sometidos os medios de comunicación. Fronte a isto, a reflexión é o mellor antídoto para non reproducir estes esquemas.

2. É necesario evitar as xeralidades, os maniqueísmos e a simplificación das informacións. Os residentes estranxeiros non comunitarios son tan pouco homoxéneos coma os autóctonos.

Os medios parecen buscar unha imaxe concreta, un feito real, para confirmar o estereotipo. A xeralización sistemática nos termos, na forma e no fondo, favorece a comprensión da información pero ó tempo a deforma e simplifica gravemente. A realidade informativa dos residentes estranxeiros non comunitarios é moito maior do que informan os medios de comunicación.

Os tópicos negativos tenden a reforzar a exclusión do grupo ou dos individuos ós que se fai referencia. Cómpre evitar, pois, a aplicación de tópicos que só inciden en aspectos negativos e que quedan rexistrados no substrato

cultural. Asimesmo, as xeralizacións tenden, sen fundamento, a reforzar a asociación entre minoría étnica e problema social.

O abuso na xeralización dos termos, coa "boa intención" de facilitar a comprensión da noticia, leva ó receptor a unha concepción maniquea da realidade. Hai unha certa tendencia xornalística cara a etnificación da realidade social. Os residentes estranxeiros non comunitarios son tan pouco homoxéneos entre eles mesmos coma o son os diferentes colectivos presentes na nosa sociedade.

As frases feitas, os tópicos, etc., conforman toda unha lista de prexuízos que substitúen ó xentilicio correcto para cada colectivo. A mellor forma de evitar esta situación é consultando ós interesados para saber como desexan ser nomeados, como individuos ou como colectivo.

3. Non deben potenciarse as informacións negativas nin as sensacionalistas. Hai que evitar crear inútilmente conflitos e dramatizalos. Hai que potenciar a procura de noticias positivas.

En moitos casos, a procura de información é a procura de obxectos e imaxes que reforcen o noso xeito de ver a vida e entender a realidade. Así, nun contexto maioritariamente negativo, a opinión dos receptores acaba por converterse tamén en negativa.

As noticias de residentes estranxeiros non comunitarios parecen atraer polo seu sensacionalismo e non polo seu contido noticioso. Si os xornalistas só nos interesamos

polas informacións cando son negativas, a percepción da sociedade nunca poderá ser positiva. Isto non significa que as informacións negativas non deban difundirse, senón que é axeitado tamén dar o seu contrapunto.

Si botamos unha ollada ós medios de comunicación poderemos observar que as minorías étnicas como grupo, ou os seus membros como individuos, aparecen casi sempre como delincuentes ou persoas obxecto de tódalas desgrazas. A súa figura queda denigrada. O tratamento informativo das persoas inmigrantes e residentes estranxeiras non comunitarias debería reflectir a máxima normalidade.

Tampouco debera esquecerse a importancia dos termos utilizados. É necesario desterrar termos que estamos afeitos a ver nos medios de comunicación. Relacionar directamente "invasión", "brote", "alud" ou "grandes oleadas", con individuos inmigrantes, perxudica sensiblemente a súa imaxe social.

4. Ecuanimidade nas fontes de información. Cómpre contrastar as versións institucionais. Hai que potenciar as propias das minorías étnicas e ter especial coidado nas informacións referidas ós países de orixe. Os medios de comunicación, seguramente como reflexo da sociedade á que pertencen, institucionalizan unhas fontes de información en perxuízo de outras. A fiabilidade xornalística apunta sempre cara a mesma dirección, a da institución.

As fontes de información máis consultadas cando cubrimos

unha información que afecta a un colectivo de inmigrantes, ou a un membro dunha minoría étnica, son, por este orden, ministerios, expertos en inmigración, servizos sociais, ONG, forzas de seguridade, concellos, etc. Casi nunca son consultados os propios inmigrantes.

As rutinas de produción informativa e a falta de informadores estables teñen boa parte da culpa.

Cómpre rachar coa inercia de dirixirse sistemáticamente ás fontes institucionais. Existen outros emisores da información, e alí onde non os hai debe potenciarse a súa creación. Por parte dos colectivos de residentes estranxeiros non comunitarios sería útil que tiveran a súa propia axenda de xornalistas sensibilizados ós que recurrir cando se produce unha noticia.

Por parte dos xornalistas sería convinte que dispuxeran dunha axenda de posibles informadores, expertos e especialistas que puideran profundizar nestas cuestións ou dar outro punto de vista non oficial que rachara o estereotipo.

5. Responsabilidade dos profesionais. É moi importante o espazo físico que adicamos ás informacións que fan referencia, directa ou indirectamente, ós residentes estranxeiros non comunitarios. Non tanto dende un punto de vista cuantitativo, senón dende un punto de vista cualitativo. Temos que contextualizar a nosa información co resto de informacións que compartirán espazo físico. Cómpre intentar que o carácter negativo dunha información onde aparecen aspectos étnicos, relixiosos ou culturais, non

inflúa, pola súa proximidade no espazo informativo ou polo momento da súa difusión, noutras noticias máis próximas a nós que teñan un referente étnico, relixioso e cultural similar. Unha noticia negativa afecta a outras noticias que están próximas físicamente e posúen un referente común. As imaxes (fotografías, vídeo, etc.) son os elementos máis susceptibles de ser manipulados, e a súa coñecida elocuencia fai que sexa necesario extremar a prudencia á hora de seleccionar unha imaxe que poda transformar totalmente o sentido dunha información.

6 Militancia xornalística: cara unha multi-interculturalidade enriquecedora para todos. A influencia dos medios de comunicación na visión que a sociedade ten da realidade, obriga ó profesional da información a un compromiso máis firme na tarefa de reflectir o sentido positivo da multi-interculturalidade.

A vontade do profesional é de grande importancia para a procura e elaboración de noticias positivas nun contexto no que as que atopamos son maioritariamente negativas. Isto non quere dicir reflectir unha realidade "Light" ou esconder informacións. Como información positiva podemos considerar tanto a cobertura dunha acción positiva como unhas declaracións, por exemplo, dun membro dun colectivo inmigrante ou a presentación positiva neste sentido de calquera información.

Recomendacións para evitar a invisibilización das mulleres inmigrantes, e a súa victimización nas informacións.

- Desagregar por sexo tódalas cifras e datos sobre inmigración, dende cifras globais ata datos de grupos específicos de persoas.
- Evitar a indicación do estado matrimonial ou de parella da muller, sempre que dita indicación careza de valor informativo.
- Recoller a opinión de mulleres inmigrantes.
- Preguntar ás mulleres polo seu proxecto migratorio: as razóns polas que decidiron emigrar, as expectativas que tiñan, e a situación na que se atopan.
- Sin esperar a que xurda un conflito, abrir o debate social sobre a situación das mulleres inmigrantes no eido laboral, sobre a precariedade que soportan, sobre os problemas específicos para conseguir a regulación traballando no mercado sumerxido, as súas demandas laborais, a falta de servicios, etc.
- Evitar a comparación ou contraposición das mulleres inmigrantes como mulleres sumisas de culturas atrasadas.
- Evitar resaltar os discursos autodiscriminatorios ou exculpatorios da sociedade receptora.

- Nas informacións sobre desartellamento de redes e mafias de prostitución, informar sobre o destino das mulleres “liberadas”, sobre as consecuencias dunha posible expulsión, procurando recoller o seu testimonio.

Recomendacións dirixidas especialmente ós profesionais da información audiovisual.

- 1.** Resulta imprescindible, no tratamento informativo da inmigración, contar cos inmigrantes como fonte informativa.
- 2.** Na elaboración de información sobre inmigración, cómpre garantir especialmente tamén ás persoas e colectivos inmigrantes o seu dereito á liberdade de expresión.
- 3.** A intimidade e a privacidade son dereitos universais que deben aplicarse con independencia do país de orixe ou a condición das persoas que se ven involucradas. A atribución de carácter exótico ou alleo a persoas e feitos, para xustificar unha relaxación das pautas de autocontrol o autorregulación no tratamento das informacións non é aceptable en ningunha circunstancia e aínda menos nunca sociedade marcada por unha crecente interculturalidade.
- 4.** A aplicación dos dereitos e dos principios relacionados co respecto á intimidade das persoas debe ser escrupulosa

en relación coa información sobre inmigración. Non deberían obterse imaxes invasivas sen contar coa autorización expresa dos protagonistas. As hipotéticas dificultades engadidas de comprensión que poidan producirse entre os medios e persoas de recente inmigración requiren extremar o coidado no momento de garantir que non sexa desatendida a súa libre vontade. Esta recomendación e a anterior deben ser especialmente observadas cuando hai menores involucrados.

5. Cómpre evitar o uso dunha linguaxe discriminatoria ou que incorpore prexuizos xenéricos no tratamento informativo da inmigración. Non pode incorporarse como rutina o uso de termos ou expresións como “ilegal”, “indocumentado” ou “sen papeis” para definir a persoas nunha situación administrativa non regularizada.

6. Cómpre evitar, tamén, a identificación sistemática dunha determinada opción religiosa con actitudes fundamentalistas.

7. Convén coidar, de forma especial, a terminoloxía empregada nos titulares e nos fragmentos de reclamo das noticias, xa que a cotío a brevidade pode implicar falta de precisión ou o fomento de estereotipos.

8. Resulta recomendable, no tratamento informativo da inmigración, evitar os efectos e recursos técnicos e

periodísticos que persigan unha función preferentemente espectacularizadora.

9. A enfatización das referencias a cuestións coma a orixe ou a cor da pel dos protagonistas dalgunhas noticias a miúdo non engaden información relevante ó relato, non é estrictamente necesaria para a comprensión do feito e, pola contra, actúa como reforzo de prexuizos e como clave implícita de interpretación de intención negativa o condenatoria.

10. Non é admisible a identificación dunha minoría étnica ou dun colectivo concreto de inmigrantes cunha determinada actividade ilegal, que pode acabar sendo considerada pola audiencia casi como un atributo ou unha característica do grupo en cuestión.

11. Contextualizar as noticias relacionadas coa inmigración e aportar documentación sobre a situación dos países de orixe das persoas mellora a calidade da información, facilita a reflexión e contribúe a desfacer os estereotipos.

12. Estes estereotipos establecéronse logo da abusiva e sistemática redución das referencias a países, rexións ou continentes en informacións marcadas pola guerra ou a miseria, ilustrándoas con imaxes que prescinden de calquera alusión a aspectos da vida cotiá non determinados pola fatalidade, o conflito, a fame, a probeza extrema ou

a catástrofe. Este tipo de reducións deben ser desterradas e combatidas, proporcionando unha visión máis completa, complexa, aberta e plural das sociedades non occidentais.

13. Cómpre evitar a emisión reiterada de imaxes de arquitecemento para ilustrar noticias que non se corresponden con estas imaxes. Si se fai, deben ir debidamente referenciadas e deben axustarse a criterios de pertinencia.

14. Tamén terían que ir sempre debida e convencionalmente referenciadas, co seu nome e -se procede- identificación profesional, cívica ou de calquera tipo, os inmigrantes que participan nas informacións de calquera medio de difusión. O medio non pode adxudicar condición anónima ós seus testimonios, agás que eles o soliciten explícitamente.

15. O uso de citas textuais ou outras expresións ou materiais de carácter racista ou discriminador, malia que sexan de carácter histórico ou erudito, deben estar debidamente marcadas e atribuídas, proporcionando ata onde sexa posible referencias sobre a autoría e sobre o contexto de formulación.

16. Tendo en conta o esforzo que se produciu por parte de moitos grupos cívicosociais, colectivos profesionais e en

moitas redaccións, para extremar o esmero na linguaxe empregada e para eliminar os hábitos discriminatorios ou as formas que conteñen rastros dunha concepción xenófoba, cómpre evitar tamén incurrir en actitudes paternalistas que acaben distorsionando a realidade e encubriendo, paradóxicamente, posicións etnocéntricas.

ALGÚNS APUNTES SOBRE AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Ó referírmonos á discapacidade nos medios de información, debemos tratar de:

- Reflectir a discapacidade tal cal é.
- Ofrecer un panorama realista sobre as posibilidades de acción preventiva, da rehabilitación, das medidas de accesibilidade.
- Presentar ás persoas con discapacidade de tal xeito que prevaleza a súa condición substantiva de persoas sobre a circunstancia adxectiva da discapacidade.
- Mudar o discurso da caridade pola solidariedade activa; rematar co abuso da imaxe doente de nenos e adultos discapacitados para espertar lástima.

Algunhas precaucións que debemos tomar:

- Describir ás persoas discapacitadas no fogar, o traballo, a escola, os ratos de lecer e nunha variedade de situacións sociais e físicas regulares.
- Recoñecer a curiosidade natural e a ocasional situación embarazosa que pode producirse en contextos sociais nos que figuran persoas discapacitadas e non discapacitadas. Cando fose axeitado, aportar exemplos positivos nos que esa curiosidade se satisfaga e nos que se diminúa esa sorte de conflito.
- Evitar presentar ás persoas discapacitadas como dependentes ou lastimosas. Outros estereotipos que deben evitarse inclúen a presentación de persoas discapacitadas como inherentemente beatas o asexuadas, gratuitamente perigosas ou dotadas singularmente dunha habilidade especial por mor dun impedimento.
- Considerar cuidadosamente as palabras, os termos, os adxectivos utilizados para describir ou caracterizar a persoas discapacitadas. Recoñecer e evitar frases que poidan rebaixar a estas persoas.
- Presentar os logros e as dificultades das persoas discapacitadas en forma de non insistir indebidamente na discapacidade o de facer esaxerada ou emocional a situación.
- Debe proporcionarse información sobre a prevención e

tratamento de discapacidades que poden chegar a converterse en impedimentos, así como sobre a disponibilidad de servizos para as persoas con discapacidade e as súas familias.

- Permitamos que as persoas con discapacidade falen por si mesmas.

- Digamos persoas con discapacidade. Cando sexa posible, débese subliñar a valía de todo individuo, falando dunha persoa que ten discapacidade ou persoa que é xorda, mellor que discapacitados ou xordos.

ALGÚNS APUNTES SOBRE A INFORMACIÓN REFERIDA Ó POBO XITANO

- A sociedade ten ideas preconcebidas sobre cómo son as persoas xitanas que, na meirande parte das ocasións, non xorden da experiencia.
- A cotío, os medios de comunicación ó referirse á comunidade xitana presentan dous situacións extremas que, ó marxe da súa veracidade, non reflicten á meirande parte da comunidade xitana, e que teñen que ver con:
 - a. Unha imaxe idealizada-romántica, onde se sublima a parte folclórica, a vena artística, o amor pola liberdade, etc.

b. Unha imaxe marxinal, ligada á exclusión e á delincuencia, e onde se salienta amais a imposibilidade de reconducir ese carácter en base a determinismos culturais (a lei xitana, por exemplo) que condena a xitanos e xitanas a non poder cambiar e non estar preparados para convivir co resto da sociedade.

- Esta forma de referirse á comunidade xitana ten que ver tanto co que se emite como co que se omite por parte dos medios de comunicación, e á súa tene que ver tanto co que se conta coma con como se conta.
 - a. Segue a ser de uso común certo léxico que se aplica exclusivamente a cuestións referidas á comunidade xitana e que denota un trato alomenos menos diferente (as expresións “reyerta” ou “patriarca” son paradigmáticas).
 - b. En ocasións, as imaxes que ilustran unha noticia son todo un editorial, coma é o caso de fotografías que reflicten unha situación de infravivenda ou chabolismo para ilustrar un artigo periodístico sobre a situación dos xitanos nun municipio cualquiera.
 - c. As persoas xitanas seguen a estar ubicadas na meirande parte deas ocasións nunca especie de gueto informativo, é dicir, nos medios só aparecen os xitanos en noticias relacionadas con asuntos xitanos, mentres que é practicamente imposible encontrar xitanos en asuntos relacionados coa política, o deporte, a cultura, etc., de igual modo que é practicamente imposible atopalas en certos espazos (tertulias, enquisas a pé de rúa, etc.).
 - d. Finalmente, outra cuestión clave é a da adscripción étnica dos xitanos nas páxinas de sucesos. É dicir, a situación que se produce cando se fai constar a condición de xitano de quen comete un delito, o cal afecta non só ós xitanos,

senón tamén a persoas pertencentes a outras minorías, pero que forma parte de unha regra que nunca se aplica á sociedade maioritaria da cal non se informa agás por omisión. Respecto a este asunto sigue viva a discusión sobre si se trata, como algúns profesionais dos medios de comunicación defenden, dunha mención *casual* (é dicir, que se informa da condición de xitano dun detenido do mesmo xeito que se podería informar que é moreno, baixo e con bigote) ou, pola contra como a maioría dos xitanos sinten, trátase dunha atribución *causal* (quérese explicar en todo ou en parte o suceso pola condición de xitano de quen o cometeu).

PROPOSTA PARA O TRATAMENTO INFORMATIVO REFERIDO ÓS MALOS TRATOS

Esta proposta parte do xornal "Público", o primeiro diario español en elaborar un decálogo para afrontar a información sobre malos tratos.

1. Usaremos os termos "violencia de xénero", "violencia machista", "violencia sexista" e "violencia masculina contra as mulleres", por este orde. Rexeitamos as expresións "violencia doméstica", "violencia de parella" e "violencia familiar".
2. A violencia de xénero non é un suceso, senón un problema social. Por iso, non daremos ese

tratamento. Non publicaremos fotos nin detalles morbosos.

3. Nunca identificaremos ás vítimas nin incluiremos informacións que poidan perxudicalas a elas ou ó seu entorno.
4. Respetaremos sempre a presunción de inocencia dos agresores. Unha vez haxa sentenza condenatoria, identificaremos debidamente, destacaremos o castigo e trataremos de incluílo nos titulares.
5. Nunca buscaremos xustificacións ou motivos (alcohol, drogas, discusións...) A causa da violencia de xénero é o control e dominio que determinados homes exercen contra as súas compañeiras.
6. Evitaremos as opinións de veciños e familiares que non sexan testemuñas directas dos feitos. En calquera caso, nunca recolleremos opinións positivas sobre o agresor ou a parella.
7. Trataremos de ofrecer opinións de persoas expertas na materia. Priorizaremos as fontes policiais e da investigación. Non se informará con precipitación.
8. Só incluiremos testimonios de vítimas de malos tratos cando se atopen en situación de emerxencia ou baixo calquera tipo de presión.
9. Denunciaremos tamén a chamada violencia continuada (agresións, maltrato psicológico,...) malia que non teña resultado de morte.

10. Sempre incluiremos na noticia o teléfono gratuito de axuda ás vítimas (016) e calquera outra información que lles poida ser útil.

PROPOSTA PARA O TRATAMENTO INFORMATIVO DE MENORES

- A ley 1/96 (Ley de protección del menor) establece que o interese do menor, tanto español como estranxeiro, prevalece en tódolos casos.
- Considérase intromisión ilexítima calquera imaxe ou información que poida perxudicar a súa reputación, o seu honor ou a súa intimidade, malia que o consentira el mesmo ou o seu representante legal.
- Nunca se poden captar imaxes de menores imputados nun caso xudicial, nin difundir imaxes ou datos que poidan permitir a súa identificación.
- Tampouco se poden obter imaxes que poidan identificalos cando comparecen como vítimas ou testemuñas dun xuízo, malia que os pais ou titores o autoricen.
- A Fiscalía de menores sinala que non se terían que captar imaxes de menores no momento de cometer delitos ou infraccións, porque son contrarias ó interese dos nenos.

- No tratamento informativo, só se poden facer preguntas ós nenos en presenza dos seus pais, representantes legais, titores ou profesores. Amais, cos nenos enfermos tense que valorar o tratamento da noticia, sen perxudicar a súa intimidade ou autoestima.
- Ó entrevistar ou informar sobre un menor, deben prevalecer antes de nada os seus dereitos á intimidade e confidencialidade, e a seren protexidos fronte ó perxuízo e ás represalias reais ou potenciais.
- Os intereses dos nenos deben prevalecer sobre calquera outra consideración, mesmo cando se trata de denunciar cuestións de inxustiza que afectan á infancia ou de promover os seus dereitos.
- Non se pode, en ningún caso, ferir a sensibilidade dos nenos. Cómpre evitar preguntas, opinións ou comentarios que lles xulguen, humillen, deterioren a súa autoestima, reaviven a súa dor ou sexan insensibles ás súas crenzas ou valores culturais.